



Suxestión dirixida á Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, para que valore a conveniencia de que, sen comprometer o necesario proceso de transición enerxética, se exploren eventuais vías para que dalgún modo, se compense ás persoas propietarias de terreos non expropiadas pero con afeccións polo trazado da poligonal, pola depreciación á que se expoñen os seus dereitos patrimoniais, contribuíndo á socialización dos beneficios derivados da implantación dos parques eólicos

Expediente: C.8.Q/597/22

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022

Sr. vicepresidente primeiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D^a xxx, presidenta da Asociación xxx relativa aos PE de Vilartoxo, Troitomil e Barrosino.

ANTECEDENTES

No seu escrito, polo que atinxe a esa Vicepresidencia primeira, dirixiuse solicitude de informe, esencialmente sobre os seguintes extremos:

“1. ...

A) *Que indique os criterios que ten que cumprir un parque eólico para consideralo unha entidade independente xa que o parque de Vilartoxo forma parte dos parques de Troitomil e*

Barrosino xa que comparten liña de evacuación e unidade de control e pertencen á mesma promotora Green Capital Power, S.L.

B) O motivo polo que se autoriza a tramitación dos parques eólicos de Vilartoxo, Troitomil e Barrosino de forma independente si na práctica é un único parque.

...

3. Solicitar información de qué criterios se seguiron para trazar a poligonal do parque eólico de Vilartoxo.

Os terreos que se encontran dentro da poligonal vanse ver afectados xa que de ir o parque adiante pasarán a ter unha nova calificación, solo rústico de especial protección de infraestruturas. Por iso, a forma de trazar a poligonal debería estar moi ben definida sen quedar ao criterio do promotor coa única condición de que quede dentro da zona ADE, sen esquecer que estamos nunha zona rural, de marcado carácter agropecuario e forestal, que pasaría a ter outra catalogación adicional que nada ten que ver entorno no que nos atopamos.

Apréciase na documentación obxecto deste trámite un sobredimensionamento da poligonal de delimitación do parque eólico, así como unha paralela falta de análise do impacto deste dimensionamento sobre o desenvolvemento local.”

Con data 3 dos correntes R.E.2546/22, incorporouse o seguinte informe dese órgano substantivo:

“En resposta ás consideracións realizadas pola reclamante infórmase o seguinte:

1. A Lei 8/2009 define parque eólico como a instalación de produción de electricidade a partir de enerxía eólica, constituída por un ou varios aeroxeradores interconectados electricamente con liñas propias, que comparten unha mesma estrutura de accesos e control, con medición de enerxía propia e a obra civil necesaria. Polo tanto, de acordo con esta definición, pode colixirse o carácter unitario dun parque e considerarse autónomo e independente sempre que teña capacidade de funcionamento separado, sen prexuízo de que comparta infraestruturas de evacuación con outros parques. Posto que compartir infraestruturas de evacuación supón, como é lóxico, un menor impacto ambiental.

No que respecta á definición de instalacións de conexión a Lei 8/2009 remítese ao establecido no artigo 30 do mencionado Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, entendendo por instalacións de conexión de centrais de xeración aquelas que sirvan de ligazón entre unha ou varias centrais de xeración de enerxía eléctrica e a correspondente instalación de transporte ou distribución, incluíndo liñas e subestacións.

Sendo así, os parques eólicos poden compartir infraestruturas de evacuación, mantendo un carácter unitario e funcionamento independente, posto que cada un deles dispón dos correspondentes equipos de corte e medida da enerxía.

2. Cómpre sinalar que nada impide, dende o punto de vista da lexislación ambiental e do sector eléctrico a execución de parques próximos entre si por parte dun mesmo ou distintos promotores e compartindo certas instalacións. Así o ten declarado o Tribunal Supremo na súa sentenza do 11 de decembro de 2013 cando di que "... una cosa es que los distintos elementos e instalaciones de un parque eólico deban tener una consideración unitaria y otra que ello impida que puedan existir parques próximos y que estos puedan compartir la ubicación de algunos elementos o la línea de vertido a la red".

Pola contra, tanto a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico como o Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica así como o Real Decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, obrigan a que se compartan as infraestruturas de evacuación, precisamente para evitar un maior impacto ambiental. En concreto, a disposición final segunda do RD 1183/2020, modifica o RD 1955/2000 para condicionar a autorización administrativa das infraestruturas de evacuación á presentación por parte dos titulares de ditas liñas de evacuación dun documento que acredite a existencia dun acordo vinculante para o uso compartido das mesmas por parte de todos os titulares de permisos de acceso e conexión na mesma posición de liña.

3. A implantación dos parques eólicos no territorio debe realizarse dentro das áreas de desenvolvemento eólico (ADE) comprendidas dentro do ámbito do Plan sectorial eólico de Galicia tal e como recolle a Lei 8/2009, podéndose desenvolver dentro de cada ADE diferentes parques eólicos, sendo os promotores os encargados de deseñar os proxectos dos parques que deben obter as autorizacións marcadas pola lei 8/2009 .

A poligonal é una forma xeométrica que se delimita por coordenadas xeográficas que envolver as infraestruturas dun parque; normativamente tan só se esixe que as ditas poligonais se atopen dentro dunha ADE e abarquen tal e como indica a lei 8/2009 as infraestruturas necesarias para a implantación dun parque (aerogeneradores, subestacións, centros de seccionamento ou de control, gabias de cableado e accesos).

Compre tamén sinalar que a poligonal é o ámbito recollido no "Estudo de impacto ambiental" e analizado polo órgano ambiental, antes de formular a Declaración de impacto ambiental.

Son os promotores os que deseñan os proxectos de xeito que a poligonal definida segundo unha serie de coordenadas UTM abarque a totalidade das infraestruturas integrantes necesarias para o parque eólico. Non existindo servidumes nin afectacións sobre os titulares de terreos tan só por estar dentro dunha poligonal.

En concreto o alcance das servidumes están delimitadas por lexislación sectorial eléctrica, na sección 3 “Alcance e Límites da Expropiación”, do capítulo V, do Título VII do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, así como as distancias de seguridade que os reglamentos técnicos de aplicación marcan para as instalacións eléctricas (RD 223/2008 e RD 337/2014).

Tamén e preciso sinalar que o terreo que engloba a poligonal en ningún caso é a superficie que se ve recalificada mediante o proxecto de interese autonómico (Proxecto Sectorial) regulado pola Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. A superficie vinculada ao parque que se recalifica ven marcada no Plan Eólico Sectorial de Galicia (PSEG) como a afectada unicamente pola superficie estritamente vinculada ao parque eólico, cunhas distancias xa prefixadas dende o centro das infraestruturas como no caso dos aeroxeradores, dende o eixe para o caso das canalizacións, ou dende o límite da construción ou peche para os edificios, así o punto 3.2.2 do PSEG:

“É a ocupada materialmente por aeroxeradores, edificio de control, subestación, centros de distribución, liña eléctrica de evacuación, redes de conducións e novos accesos viarios exteriores e/ou de servizos mais as servidumes necesarias que serán delimitadas en función das distintas instalacións, tal como defínese a continuación.

- Aeroxeradores: 200 m.,*
- Liñas eléctricas: as resultantes da aplicación de fórmula: $A = 1,5 + V (kV) / 100$, cun mínimo de 2 m.*
- Edificio de control e subestación: 10 m.*
- Edificacións secundarias: 5 m.*
- Redes de condución: 3 m. a cada lado do eixo da rede, podendo eliminarse nas marxes que discorren paralelos a camiños de servizo..”*

En conclusión, debe sinalarse que a superficie vinculada aos parques e que pode ser obxecto de recalificación se limita á estritamente necesaria para a instalación dos aeroxeradores e os outros elementos que forman parte do parque eólico, sen que teña ningún tipo de efecto noutros titulares de bens e dereitos que poden estar incluídos na delimitación poligonal mais ampla que os promotores inclúen nos seus proxectos.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente en representación da Asociación xxx e do que se manifesta no informe desa administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

Primeira: Polo que atinxe a tramitación independente do PE Vilartoxo ou ao suposto fraccionamento.

A Lei 21/2013, de avaliación ambiental, define o fraccionamento de proxectos como o "*mecanismo artificioso de división dun proxecto co obxectivo de evitar a avaliación de impacto ambiental ordinaria, no caso de que a suma das magnitudes supere os limiares establecidos no Anexo I*". Polo tanto, o pretendido "fraccionamento" tería como fin último eludir a avaliación ambiental ordinaria.

Porén, no caso de parques eólicos próximos entre si, non é posible mediante o fraccionamento evitar o seu sometemento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental, pola obriga de considerar os efectos sinérxicos ou acumulativos con outros parques xa construídos e/ou avaliados.

Polo tanto, no caso das instalacións de aproveitamento eólico, o fraccionamento aludido non produce os efectos denunciados: evitar que o proxecto teña que ser sometido a unha avaliación ambiental ordinaria e considerar os efectos sinérxicos ou acumulados con outros parques ou infraestruturas existentes ou avaliadas nas proximidades.

É dicir, as presuntas vantaxes que dende o punto de vista da tramitación ambiental podería ter un fraccionamento non son tales, xa que a existencia doutros parques eólicos nas proximidades obriga a realización do trámite ambiental ordinario para o novo parque.

A Lei 8/2009, de 22 de decembro, do sector eólico de Galicia, define o carácter unitario dun parque, sinalando que pode considerarse autónomo e independente sempre que teña capacidade de funcionamento separado, sen prexuízo de que comparta infraestruturas de evacuación con outros parques.

Compartir infraestruturas de evacuación supón, lóxicamente un menor impacto ambiental e unha menor afección territorial. A normativa vixente do sector eléctrico obriga (nos casos en que as instalacións de xeración se conecten ao mesmo punto de evacuación á rede de transporte ou distribución) a que se compartan as infraestruturas de evacuación, precisamente para evitar un maior impacto ambiental.

Do mesmo xeito, podería estar xustificado en certos casos que os parques eólicos compartan accesos co obxecto de acadar un uso máis racional do territorio.

Coñecido pois, que dende o punto de vista da lexislación ambiental e a do sector eléctrico, a execución de parques próximos entre si, por parte dun mesmo ou distintos promotores e compartindo certas instalacións, como as infraestruturas de evacuación á rede eléctrica é xuridicamente viable e que si o promotor dun PE conta co permiso de acceso á rede de transporte e distribución eléctrica, pódese tramitar de xeito separado a liña de evacuación e o parque respectando a lexislación do sector eléctrico; cómpre que para a autorización da LAT sexan valorados tanto os impactos acumulativos ou sinérxicos no conxunto doutras liñas, coma os impactos que se produzan no conxunto dos PE aos que da servizo ou aos que estean próximos. E na autorización de PE cómpre valorar os efectos acumulativos e sinérxicos coas LAT das que se serve e cos outros parques.

Neste sentido, resulta clarificadora a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Castela León ditada no recurso de apelación 529/2017 de 12 de marzo de 2018, cando sinala no fundamento de dereito cuarto: *“ en la DIA impugnada no se ha realizado esta valoración de los impactos acumulativos y sinérgicos, y ello sobre la base de que para ello debe tenerse en cuenta el conjunto de la infraestructura en la que se integra la línea de evacuación, esto es, de los parques a los que sirve, de sus conexiones y de la presencia de otras posibles líneas de evacuación próximas. Y esta apreciación de la sentencia de instancia no ha resultado desvirtuada en esta apelación pues en la mismo no se concretan cuáles son las medidas reflejadas en la DIA que acreditan esta valoración de los impactos acumulativos y sinérgicos, ya que las indicadas-modificación del trazado, fases de ejecución, etc.- se refieren únicamente a los posibles efectos derivados de la línea cuestionada.”*

Por tanto, cómpre significar que con independencia de que se tramite a avaliación ambiental polo procedemento ordinario, que obriga a que na elaboración do "Estudo de Impacto Ambiental" se realice unha valoración conxunta das infraestruturas e outras instalacións desenvoltas ou previstas no entorno, avaliando os efectos acumulativos ou sinérxicos, de xeito que a liña de evacuación está tamén incluída na cartografía do proxecto do parque eólico; devén preceptivo valorar na DIA tanto os impactos sinérxicos da LAT no conxunto da

infraestrutura na que se integra a liña de evacuación, coma a potencial afección engadida que o PE eventualmente produciría tanto nos parques aos que serve a LAT coma aos que se atopan nas proximidades. E na DIA do PE valorar os efectos coas LAT que lle dan servizo e cos outros parques.

Segunda: No relativo aos criterios seguidos para o trazado e delimitación da poligonal do PE Vilartoxo

Como sinala a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental “*A enerxía eólica, na súa consideración de renovable, é dicir, na súa condición de enerxía procedente dunha fonte inesgotable, e en atención ao seu carácter de limpa, ao non producir efectos contaminantes á atmosfera, é un activo que debe ser impulsado/estimulado desde os poderes públicos. Que isto sexa así non implica que a súa implantación sexa totalmente inocua. En efecto, a instalación de aeroxeradores supón servidumes, cargas inevitables para o contorno, para o medio natural, para a paisaxe e para o hábitat no que se localizan, que en parte devén transformado non só como consecuencia do impacto visual producido pola existencia dos aeroxeradores, senón tamén como resultado das infraestruturas que eses elementos requiren, como son os camiños de acceso e as liñas de evacuación.*”

*“Esta alteración ambiental dos perfís dos horizontes, esta deseconomía, debe ser reparada mediante o establecemento dunha **compensación** en favor das concretas áreas territoriais que soportan e sosteñen a implantación de parques eólicos, resarcimento que basicamente debe nutrirse dos ingresos xerados pola institución dun tributo medioambiental denominado canon eólico, prestación patrimonial pública de natureza finalista e extrafiscal concibida como instrumento axeitado destinado a internalizar os custos sociais e ambientais mencionados e dirixido a estimular e promover a incorporación das novas tecnoloxías nos aeroxeradores, de tal xeito que a maior potencia unitaria destas repotenciacións dea lugar á redución do seu número, en definitiva, a protexer o medio ambiente, artigo 45.2 da Constitución”*

Xustificada pois, a creación do Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental cuxos principais beneficiarios serán “os **entes locais** cuxo termo municipal se encontre dentro da **liña de delimitación poligonal** dun parque eólico e tamén os afectados polas súas **instalacións de evacuación**”, segundo sinala dita lei e considerando que como se fai constar no informe remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, “sendo os promotores os encargados de deseñar os proxectos dos parques” e “son os promotores os que deseñan os proxectos de xeito que a poligonal definida segundo unha serie de coordenadas

UTM abarque a totalidade das infraestruturas integrantes necesarias para o parque eólico” se formulará unha suxestión.

Toda vez que a superficie da poligonal cuxo trazado é deseñado polos promotores dos PE, (co requisito de que sexa dentro das áreas de desenvolvemento eólico -ADE- comprendidas no Plan sectorial eólico de Galicia da citada Lei 8/2009), podería supoñer ás persoas titulares de bens e dereitos que non foran expropiadas, limitacións no seu uso e unha eventual depreciación ou perda de valor actual ou futura; que esta Valedoría coñece, polas queixas tramitadas e polas inquedanzas trasladadas nas diferentes reunións solicitadas por diferentes colectivos, nomeadamente pola asociación promotora desta queixa, a preocupación e incerteza de quen non figurando as súas propiedades na relación de bens e dereitos afectados se atoparían condicionadas polo trazado da poligonal, ao teren limitados os usos non compatibles co parque e polas súas eventuais modificacións ou ampliacións e que semella axeitado lograr un equilibrio entre o fomento e promoción das enerxías renovables co desenvolvemento local e o mantemento do sector primario no medio rural vaise formular unha resolución. Todo elo, con independencia do lexítimo dereito que lles asiste ás persoas propietarias de terreos con afección polo trazado da poligonal a reclamar unha indemnización pola vía civil á sociedade promotora do parque.

Por conseguinte, ao considerar que a transformación do sistema enerxético cara a unha maior autosuficiencia baseado no aproveitamento eficiente do potencial renovable existente en Galicia, vai incidir na seguridade enerxética polo seu grao de penetración no noso territorio, e contribuirá a diminuír de xeito significativo a dependencia da importación de combustibles fósiles -sometida a factores xeopolíticos e unha elevada volatilidade de prezos-, e que é previsible que a planificación eléctrica renovarase ampliando a súa capacidade, empregando novas tecnoloxías para mellorar os sistemas das redes, acometendo unha renovación tecnolóxica nas instalacións xa existentes, substituíndo sistemas antigos por outros novos de maior eficiencia; é polo que suxeriremos que se valore o exposto, a fin de que se exploren vías de compensación ante as depreciacións das propiedades con afección pola poligonal, co obxectivo de acadar unha equitativa redistribución dos beneficios do aproveitamento industrial dun recurso natural autóctono como é o vento, entre a totalidade dos axentes implicados.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación a seguinte SUXESTIÓN:

“Que valore a conveniencia de que, sen comprometer o necesario proceso de transición enerxética, se exploren eventuais vías para que de xeito algún, se compense ás persoas propietarias de terreos non expropiadas máis con afeccións polo trazado da poligonal, pola depreciación a que se expoñen os seus dereitos patrimoniais, contribuíndo á socialización dos beneficios derivados da implantación dos parques eólicos en Galicia.”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da suxestión formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo